



Concello de Arbo

Expediente Gestiona: 222/2023- relacionado co 11/2024

Procedemento: Contratación execucións das obras do “**PROXECTO DE MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO ENTORNO DA CAPELA DE SAN XOÁN DE BARCELA. FASE I. CONCELLO DE ARBO**”, incluído no Programa PON203 e no Plan de obras e servizos de competencia municipal (PLAN + PROVINCIA 2024) da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra.

Importe do contrato: 405.509,66 € (IVE do 21% incluído que ascende a 70.377,71 €)

MEMORIA DA ALCALDÍA

Examinadas as necesidades deste Concello, por esta Alcaldía encargouse a redacción do proxecto denominado “**Proxecto de Mellora da Mobilidade Peonil no entorno da Capela de San Xoán de Barcel. Fase I**” cun orzamento total de **408.510,44 € (IVE 21% incluído)**, redactado en abril de 2023 polos técnicos Pedro Iglesias Aymerich e Ignacio Teijeiro Calvo, e asinado dixitalmente polos mesmos o 18.04.2023.

En data 19.04.2023 emítase informe do arquitecto municipal D. Teodoro Francisco de Antes no que se informa sobre a adecuación do proxecto da actuación á normativa urbanística vixente, así como sobre a titularidade e dispoñibilidade dos terreos para a execución das obras, tras as cesións formalizadas polos propietarios afectados, en concreto: *certificado do secretario da CMVMC de Barcel do acordo adoptado na sesión da Asemblea Xeral Ordinaria celebra do 26 de xuño de 2022 sobre cesión gratuíta e por tempo indefinido de 200 m2 no Torreiro do Cruceiro (parroquia de Barcel) ao Concello de Arbo para que pasen a ser titularidade municipal coa única excepción de manter sempre o uso público, é dicir, para o uso e desfrute de todos, e respectando a servidume de paso de entrada á casa parroquial.*

En data 20.04.2023 esta Alcaldía ditou Resolución nº 190/2023 pola que se resolve:

“1º.- *Aprobar a solicitude de subvención para a execución do referido investimento, dentro do Programa de Infraestruturas e Dotación Singulares para a execución da Axenda 2030 - programa PON2030 – Actuación de Tipo 3, segundo o seguinte detalle:*

| INVESTIMENTO | IMPORTE |
|--|--------------|
| “ Proxecto de Mellora da Mobilidade Peonil no entorno da Capela de San Xoán de Barcel. Fase I ” | 408.510,44 € |

2º.- *Solicitar á Excm. Deputación Provincial de Pontevedra unha subvención do 90% para o referido investimento ao abeiro da presente convocatoria, cumprindo co establecido na base 5ª das bases publicadas no BOPPO nº 46 de 07/03/2023.*

3º.- *Aprobar o proxecto técnico do investimento denominado “**Proxecto de Mellora da Mobilidade Peonil no entorno da Capela de San Xoán de Barcel. Fase I**” cun orzamento total de **408,510,44 € (IVE 21% incluído)**, redactado en abril de 2023 polos*





Concello de Arbo

técnicos Pedro Iglesias Aymerich e Ignacio Teijeiro Calvo, e asinado dixitalmente polos mesmos o 18/04/2023.

4º.-Declarar/Manifestar que as actuacións e investimentos levaranse a cabo sobre edificios, infraestruturas ou instalacións de titularidade municipal, ou respecto das que o Concello ten a plena dispoñibilidade.

5º.- Ratificar a presente resolución pola Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se celebre.

6º Dar conta da presenta resolución ao Plenario Municipal.”.

Da referida resolución de solicitude da subvención deuse conta no Pleno celebrado o 2 de maio de 2023.

Consta, igualmente, **Resolución da Alcaldía de data 08.06.2023** pola que se resolve *asumir o compromiso de cofinanciamento da actuación pola citada cantidade de 40.851,04 €.*

Dito proxecto conta con todas as autorizacións sectoriais esixidas, en concreto, con data 05.05.2023 (Nº Rexistro entrada: 2023-E-RC-881), recíbese a Resolución da Xefatura Territorial en Pontevedra da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades –Servizo de Coordinación Cultural- de 05.05.2023, na que se autorizan as obras cos seguintes condicionados:

- *A iluminación do ámbito non debe acadar maior protagonismo que os elementos catalogados, polo que non se considera autorizable a colocación do poste de 8 m con 3 focos no entorno da capela, polo que deberá suprimirse este elemento.*
- *Co mesmo motivo, o mobiliario urbano non debe desconfigurar as proporcións das seccións existentes, o que ocorre cos dous bancos de trazado curvo situados diante da capela. Estes elementos deberán eliminarse.*
- *Informarase ao persoal da obra da existencia dos bens.*
- *As posibles provisións de materiais realizaranse á maior distancia posible dos bens protexidos e o emprego e tránsito da maquinaria que os manipule cinguirase ás vías existentes, evitando ó máximo as súas áreas de cautela.*
- *En tódolos casos, nos puntos en que os traballos se realicen nas inmediacións ou en contacto directo con algún ben, extremaranse as precaucións para evitar calquera dano fortuíto resultado de impacto ou vibracións causadas por emprego de maquinaria.*

Tras a concesión a subvención solicitada no 100% e no importe de 367.659,40 €, sobre un orzamento total de 408.510,44 €, por Acordo do Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra adoptado na súa sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 23 de xuño de 2023, segundo notificación recibida o día 27/06/2023 (R.E. 1281), no marco das Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030 aprobadas polo Pleno do Ente Provincial na súa sesión extraordinaria de 06.03.2023 e publicadas no BOPPO núm. 46, do 07/03/2023, en concreto para a execución do investimento denominado “Mellora da Mobilidade Peonil no contorno da Capela de San Xoán de Barcela. Fase I”, cun orzamento total de





Concello de Arbo

408.510,44 €, dítase **Resolución da Alcaldía nº 420/2023 de 03.08.2023** pola que se **aproba o expediente de modificación de crédito nº 27/2023, na modalidade de xeración de créditos nº 18/2023** nos seguintes termos:

ESTADO DE INGRESOS

| | | |
|---------------|-------------------|----------------------|
| Aplic. orzam. | Previsión inicial | Importe modificación |
| 761 | 469.003,52 € | 367.659,40 € |

ESTADO DE GASTOS

| | | |
|----------|-----------------|----------------|
| Aplicac. | Crédito Inicial | Crédito Xerado |
| 454.619 | 0,00 € | 367.659,40 € |

Por **Resolución nº 432/2023 de 21.08.2023, ratificada por acordo plenario de 28.09.2023, préstase aprobación á proposta de convenio** elaborada no marco do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a execución da Axenda 2030 -programa PON2030, cuxas bases foron publicadas no BOPPO 07/03/2023 nº 46, e asúmense as obrigas impostas a este Concello no seu clausulado.

.E, posteriormente, por **acordo plenario de 20.10.2023, adoptado por unanimidade dos membros da Corporación asistentes, apróbase e ratifícase o contido da Resolución da Alcaldía nº 157/2023 de data 10/10/2023** sobre aprobación da modificación da cláusula novena do convenio elaborado no marco do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a execución da Axenda 2030 -programa PON2030, cuxas bases foron publicadas no BOPPO 07/03/2023 nº 46 (modificación publicada no BOPPO de 03.10.2023 nº 191), e que fora aprobado inicialmente por este Concello a medio de Resolución nº 432/2023 de 21.08.2023, ratificada por acordo plenario de 28.09.2023.

Tendo en conta que a **cláusula 2ª do referido Convenio asinado en novembro de 2023, referida ao financiamento**, establece que:

“O custo total da actuación ascende a 408.510,44 € (IVE incluído) e o seu financiamento detállase na seguinte táboa:

| | | |
|---------------------------------|--------------|-----|
| Deputación de Pontevedra | 367.659,40 € | 90% |
| Concello de Arbo | 40.851,04 € | 10% |
| TOTAL INVESTIMENTO | 408.510,44 € | |

A contía máxima a financiar pola Deputación, recollida na táboa, imputarase contra a aplicación orzamentaria 2023/942.9420.762.74 do vixente orzamento provincial.

Pola súa banda, a cantidade a financiar polo Concello financiarase contra a correspondente aplicación do orzamento municipal ou con outro tipo de axudas que a entidade local poida obter.”

Á vista da convocatoria do Plan de Obras e Servizos e Competencia Municipal 2024 (Plan Máis Provincia 2024), en concreto, na *Liña 1: Investimentos*, da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra publicada no BOPPO nº 2 de 3 de xaneiro de 2024.





Concello de Arbo

A través de Resolución da Alcaldía nº 44/20223 de data 05.02.2024, remitida á Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, e de conformidade co disposto nas bases 1ªe 23ª das reguladoras do Plan, que permite ás entidades municipais destinar parte ou a totalidade da cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais para investimentos acollidos noutros plans, programas ou convenios da propia Deputación ou doutras administracións cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal, **solicítase, con cargo a cantidade que lle correspondente no reparto do Plan +Provincia: Liña 1: Investimentos, unha subvención por importe de 40.851,04 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal do convenio asinado en novembro de 2023 entre o Concello de Arbo e a Deputación Provincial- Programa PON2030- para o investimento “MELLORA DE MOBILIDADE PEONIL NO ENTORNO DA CAPELA DE SAN XOAN DE BARCELA. FASE I”, sendo o seu orzamento total de 408.510,44 euros (IVE 21% incluído).**

Por Resolución Presidencial da Deputación Provincial do día 23.02.2024, recibida a través da sede electrónica do Concello de Arbo o 28.02.2024. (núm. rexistro entrada: 2024-E-RC-466) resólvese:

“Conceder ao concello de ARBO, CIF: P3600100F, unha subvención por importe de 40.851,04 euros co obxecto do financiamento da achega municipal do convenio asinado entre o concello de Arbo e a Deputación Provincial-PON2030 do investimento “MELLORA DE MOBILIDADE PEONIL NO ENTORNO DA CAPELA DE SAN XOAN DE BARCELA. FASE I” (Exp: 2024009603), cuxo orzamento ascende 408.510,44 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

| Anualidade | Orzamento-€ | Subvención a cargo do Plan + Provincia 2024-€ | Fondos propios do Concello/Achegas doutros Plans- € |
|------------|-------------|---|---|
| 2024 | 408.510,44 | 40.851,04 | 367.659,40 (PON2030) |

-Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto. Unha vez concedida a subvención, xerárase crédito na aplicación orzamentaria correspondente do Programa PON2030 e realizaranse as oportunas operacións de formalización.

-Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.

-A execución e xustificación deste investimento rexeráse polas normas do plan que se cofinancia, Programa PON2030 aprobado por acordo plenario núm. 2.7960 de 06/03/2023 (BOPPO nº 46 do 07/03/2023).

-Darlle traslado da presente resolución ao concello de ARBO , á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia. “





Concello de Arbo

En data 28/03/2024, e tras a súa aprobación por acordo do Pleno Municipal de 27.03.2024, o Concello de Arbo presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2024020034) un proxecto reformulado do proxecto inicial, asinado dixitalmente polo técnicos o 19.03.2024, recibido en data 19.03.2024 (R.E. 283), para recoller as condicións establecidas na autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para a citada actuación, no que o orzamento diminúe 3.000,78€ ata o importe de 405.509,66€, achegando documentación complementaria o 30/03/2024 (núm. Rexistro WEB2024020141).

En data 30.04.2024 (R.E. 1108) recíbese no Concello o Acordo do Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra adoptado en sesión ordinaria de 26 de abril de 2024 polo que se aproba o proxecto técnico reformulado da actuación denominada "Proxecto de mellora da mobilidade peonil no contorno da capela de San Xoán de Barcela. Fase I" presentado polo Concello de Arbo ao abeiro do Programa PON2030; ao mesmo tempo que se modifica o acordo plenario núm. 4.8011, do 23/06/2023, de concesión de subvención ao Concello de Arbo para reaxustar o financiamento de conformidade coa seguinte táboa:

| ORZAMENTO | SUBVENCIÓN PON2030 | ACHEGA MUNICIPAL (+PROVINCIA 2024) |
|--------------|-----------------------|--|
| 405.509,66 € | 364.958,69 € | 40.550,97 € |

Dita modificación do acordo suporá a modificación da cláusula segunda do convenio, denominada "Financiamento", mediante a sinatura da correspondente addenda, que xa foi aprobada polo Concello de Arbo a medio de Resolución nº 215/2024 de 02.05.2024; así como a realización das operacións oportunas para minorar o importe das subvencións concedidas, cos axustes pertinentes para este ano 2024 na modificación de crédito nº 4/2024, na modalidade de incorporación de remanentes de crédito (neste caso, no importe de 367.659,40 €), aprobada por Resolución nº 79/2024 de 21.02.2024, e na modificación de crédito nº 7/2024, na modalidade de xeración de crédito nº 3/2024 aprobada por Resolución da Alcaldía nº 100 /2024 de data 28/02/2024 tras concesión de subvención no importe de 40.851,04 € por Resolución presidencia da Deputación de Pontevedra de 23.02.2024 no marco do Plan + Provincia: Liña 1: Investimentos.

Ante a necesidade de contratar a execución das obras do **"PROXECTO DE MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO ENTORNO DA CAPELA DE SAN XOÁN DE BARCELA. FASE I. CONCELLO DE ARBO"**, segundo proxecto técnico na versión asinada dixitalmente polo técnicos o 19.03.2024, recibido en data 19.03.2024





Concello de Arbo

(R.E. 283), e adaptado aos condicionados da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural concedida por Resolución de 05.05.2023, e que conta con financiamento da Deputación Provincial de Pontevedra, no importe de 405.509,66 € (IVE do 21% incluído que ascende a 70.377,71 €), tras reaxuste de financiamento resultante do Acordo do Pleno do Ente Provincial adoptado en sesión ordinaria de 26 de abril de 2024 e Addenda ao Convenio de Colaboración asinado en novembro de 2023 no marco do Programa PON2030.

En cumprimento do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 09 de maio de 2024, polo que se inicia o procedemento de contratación das obras, a través de procedemento aberto, trámite ordinario, oferta economicamente máis vantaxosa (varios criterios de adxudicación), tras delegación do Plenario por acordo de 26 de xuño de 2023, elabórase a presente **MEMORIA XUSTIFICATIVA:**

OBXECTO DO CONTRATO:

O Concello de Arbo está a promover unha serie de actuacións de humanización que melloran a mobilidade peonil e a accesibilidade, á vez que poñen en valor os elementos patrimoniais, xerando espazos urbanos de alta calidade para o desfrute das persoas, nos diferentes núcleos rurais do municipio.

O Proxecto Global de Mellora da Mobilidade Peonil no entorno da Capela de San Xoán de Barcela abrangue un ámbito de actuación de 4.120 m² na área central do núcleo rural de Barcela, asentamento de altísimo valor patrimonial, histórico e social.

As actuacións proxectadas prevén a recuperación para o peón deste ámbito de gran valor patrimonial e o tratamento axeitado destes espazos heteroxéneos, buscando harmonizalos e cuns obxectivos específicos tales coma a creación dun espazo público de calidade, a mellora e aumento da superficie destinada ao peón e á bicicleta, con vías continuas e atractivas, así como o establecemento dun novo modelo de xerarquización viaria a nivel urbano, destinado a diminuír o impacto do vehículo privado e facilitar as conexións peonís no propio núcleo, derivando o tráfico rodado ao viario xeral.

O deseño dos espazos urbanos virá caracterizado principalmente pola posta en valor dos elementos patrimoniais, converténdoo nos protagonistas duns escenarios onde desenvolver diversas actividades de carácter peonil, na procura de intensificar as relacións sociais e de ocio entre os habitantes e visitantes do núcleo.

O respecto aos elementos culturais e aos espazos de actividade social tales como a Praza de Barcela, escenario habitual de celebracións e actos festivos, que conforman unha parte do patrimonio inmaterial do núcleo de Barcela.

O Proxecto global de mellora da mobilidade peonil no entorno da capela de San Xoán de Barcela, abrangue un ámbito de actuación total de 4.120 m² que comprende un área do núcleo de San Xoán de Barcela e os viais de acceso e saída, entre as que destacan as conexións coa estrada autonómica PO- 400. Trátase dun ámbito de enorme valor patrimonial e de estrutura heteroxénea, cun crecemento ligado ao antigo vial que conectaba o núcleo Barcela co de os Eidos polo oeste e con Arbo polo leste.





Concello de Arbo

Esta estrada tradicional perderá afluencia de tráfico coa creación da nova estrada autonómica PO-400, que circunvala o ámbito polo sur, liberando a zona de actuación da carga de vehículos que facían inviable a creación dun espazo público continuo e de calidade.

Dito proxecto global divídese en dúas Fases:

Fase I: Referido ao ámbito central do núcleo de Barcela, correspondente ao presente proxecto técnico que se pretende licitar, e cunha superficie total de 2.117 m².

A Fase II prevista para máis adiante céntrase nas vías de acceso e saída do núcleo de Barcela, tanto os principais (leste-oeste), coma os transversais (norte-sur), que suman un total de 2.002 m².

Inclúense as seguintes actuacións nesta Fase I:

1. Zona central: Seguindo os criterios previamente definidos, se plantexa unha solución que unifique o espazo público no entorno da Capela e a Praza Barcela, cunha solución de plataforma única e pavimento de lousa de granito que garanta as condicións de accesibilidade universal, integrando o pavimento de pedra orixinal existente no entorno directo da capela e, elimínase o estacionamento e permítese o tráfico con velocidade reducida en sentido leste-oeste, coa intención de xerar un espazo de prioridade peonil con carácter de praza que inclúa os múltiples elementos patrimoniais nun conxunto homoxéneo, cunha solución de plataforma única e pavimentos de calidade, iluminación dimensionada acorde ás necesidades, mobiliario urbano adaptado e especies vexetais que xeren espazos estanciais cómodos e interesantes.

A intención principal é recuperar o actual espazo de tráfico rodado en beneficio do peón, limitando a velocidade dos vehículos no interior do espazo a 10 km/h mediante elementos redutores tales coma estreitamentos no espazo dispoñible para a circulación, cambios de pavimentos, mobiliario urbano, sinalización vertical, bolardos, etc...

A iluminación do ámbito se mellorará con dous postes con proxectores nas zonas centrais, con fin de liberar o maior espazo posible reducindo o número de luminarias.

Permitirase o tráfico, de velocidade reducida, en dirección leste oeste.

- Trazado e sección tipo

Non existe neste ámbito unha sección estándar por tratarse dun espazo aberto único, a definición virá dada polos planos.

Os pasos libres respectarán sempre os 2,50 m que marca a Deputación de Pontevedra como estándar óptimo de itinerario peonil, evitando estreitamentos sempre que fora posible e dispoñendo o mobiliario urbano de forma que non se obstaculicen ou interrompan estes percursos, mentres que o espazo de circulación de vehículos





Concello de Arbo

respetará un mínimo de paso libre de 3'00 m debido ao posible tráfico de vehículos de emerxencias.

- Pavimentos

A solución plantexada para este ámbito de xeito xeral consiste nun acabado de lousa de granito semimoreno abuxardado con pezas de 60x40x12 cm, asentados sobre 4cm de morteiro, con base de lousa de formigón sobre capa de saburra. Nas zonas exteriores (zonas de transición de acceso e saída da praza), se opta por unha plataforma única de formigón desactivado sobre capa de saburra, solución que se volve a repetir na zona do Campo da Festa. Por último, na zona sur do Campo da Festa, de uso estritamente peonil, óptase por un enlousado de granito semimoreno abuxardado con pezas de 60x40x6 cm, asentados sobre 4 cm de morteiro, con base de lousa de formigón sobre capa de saburra.

2. Tramos viarios da Rúa Pr. Barcela. Dado o carácter lineal de estas zonas, a proposta pasa por inverter a xerarquía espacial actual, reducindo o espazo do tráfico rodado ao mínimo indispensable (un só carril en dirección leste-oeste), nunha solución de plataforma segregada onde se obteñan unhas beirarrúas axeitadas para a circulación peonil, cumprindo as determinacións da Deputación de Pontevedra de manter un largo mínimo de 2'50 metros, nas que se inclúe arborado, luminarias e mobiliario urbano.

- Trazado e sección tipo

Plantéxase plataforma segregada cunha sección de largo 2'50 m de calzada e beirarrúas de largo variable (> 2'50m). O bordo será remontable co fin de facilitar o acceso a vehículos de emerxencias e a mobilidade de PMR.

- Pavimentos

A solución plantexada para este ámbito consiste nunha calzada cunha capa de reposición de aglomerado asfáltico, e beirarrúas de formigón rematadas con bordo remontable de 32x25x100cm, deixando unha diferenza de altura de 7 cm entre beirarrúa e calzada.

3. Camiños transversais de acceso a residentes. Os tres camiños transversais ao eixo da Rúa Pr. Barcela con características similares: largo moi reducido, confinado entre muros ou fachadas e uso moi reducido polas súas características, polo que a solución será común a todos eles: peonalización completa restrinxindo o tráfico a residentes e servizos.

Dadas as dimensións tan reducidas se opta por unha solución de plataforma única con pavimento continuo de formigón desactivado en relación cos muros tradicionais existentes, así como as beiras de lastro de granito 5x5.

Todos eles se iluminarán axeitadamente con báculos e luminarias dimensionadas acorde ás necesidades de cada zona. No camiño de Igrexa se propón unha iluminación por balizas dado o seu carácter singular.





Concello de Arbo

- Trazado e sección tipo

Plantéxase plataforma compartida cunha sección de largo variable segundo a sección da rúa.

- Pavimento

Proponse un pavimento de lousa de formigón con acabado lavado, con 1/3 de árido negro e 2/3 de árido branco, con area e cemento brancos, con remate nas beiras de lastro de granito moreno silvestre 5x5x5 a tresbolillo, asentado sobre capa de morteiro de 4 cm, con base de lousa de formigón sobre capa de saburra.

4. Tamén se mellorara as canalizacións de saneamento, drenaxe, abastecemento, telecomunicación e electricidade.

5. E Colocarase nova iluminación pública, mobiliario urbano (bancos), alcorques, bolardos, e no apartado de xardinería, máis concretamente no de arborado, diferéncianse os exemplares existentes a manter (árbores de gran porte ou de gran valor), e as novas unidades propostas.

Na execución da actuación deberán respectarse os condicionados fixados na Resolución da Xefatura Territorial en Pontevedra da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades –Servizo de Coordinación Cultural- de 05.05.2023, na que se autorizan as obras cos seguintes condicionados:

- *A iluminación do ámbito non debe acadar maior protagonismo que os elementos catalogados, polo que non se considera autorizable a colocación do poste de 8 m con 3 focos no entorno da capela, polo que deberá suprimirse este elemento.*
- *Co mesmo motivo, o mobiliario urbano non debe desconfigurar as proporcións das seccións existentes, o que ocorre cos dous bancos de trazado curvo situados diante da capela. Estes elementos deberán eliminarse.*
- *Informarase ao persoal da obra da existencia dos bens.*
 - *As posibles provisións de materiais realizaranse á maior distancia posible dos bens protexidos e o emprego e tránsito da maquinaria que os manipule cinguirase ás vías existentes, evitando ó máximo as súas áreas de cautela.*
 - *En tódolos casos, nos puntos en que os traballos se realicen nas inmediacións ou en contacto directo con algún ben, extremaranse as precaucións para evitar calquera dano fortuíto resultado de impacto ou vibracións causadas por emprego de maquinaria.*

Orzamento base de licitación das obras e Valor Estimado

O orzamento base de licitación das obras ascende á cantidade de 405.509,66 € (IVE do 21% incluído que ascende a 70.377,71 €)

O valor estimado do mesmo ascende á 335.131,95 € (IVE do 21 % excluído), sendo o importe correspondente ao IVE do 21 % de 70.377,71 €.





Concello de Arbo

VIABILIDADE ECONÓMICA:

O Concello conta con financiamento da Deputación Provincial de Pontevedra do 100% do investimento incluído no “**PROXECTO DE MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO ENTORNO DA CAPELA DE SAN XOÁN DE BARCELA. FASE I. CONCELLO DE ARBO**”, no importe dos 405.509,66 € (IVE do 21% incluído que ascende a 70.377,71 €), tras reaxuste de financiamento resultante do Acordo do Pleno do Ente Provincial adoptado en sesión ordinaria de 26 de abril de 2024 e Addenda ao Convenio de Colaboración asinado en novembro de 2023 no marco do Programa PON2030, quedando o cadro de financiamento como segue:

| ORZAMENTO | SUBVENCIÓN PON2030 | ACHEGA MUNICIPAL (+PROVINCIA 2024) |
|--------------|-----------------------|--|
| 405.509,66 € | 364.958,69 € | 40.550,97 € |

CONCLUSIÓNS:

Coas actuacións previstas mellorarase a mobilidade peonil no entorno da capela de San Xoán de Barcelona, abrangendo esta Fase I un ámbito de actuación total de 2.117 m² que comprende o ámbito central do núcleo de Barcelona, ámbito de enorme valor patrimonial e de estrutura heteroxénea, cun crecemento ligado ao antigo vial que conectaba o núcleo Barcelona co de os Eidos polo oeste e con Arbo polo leste. Esta estrada tradicional perderá afluencia de tráfico coa creación da nova estrada autonómica PO-400, que circunvala o ámbito polo sur, liberando a zona de actuación da carga de vehículos que facían inviable a creación dun espazo público continuo e de calidade.

Por último, reiterar que o Concello conta con financiamento ao 100% para acometer dito investimento en base ao Convenio de colaboración asinado en novembro de 2023 no marco do Programa PON2030 e Addenda ao mesmo, e á subvención concedida polo Ente Provincial no marco do Plan de obras e servizos de competencia municipal (PLAN + PROVINCIA 2024): Liña 1: Investimentos.

O alcalde. Horacio Gil Expósito. *Documento asinado dixitalmente á marxe.*

